

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DIA NOVE DE ABRIL DE DOUS MIL SETE (09.04.2007)

PLENO NUMERO 02/2007

NO Salón de sesións do Ilmo. Concello de Bóveda, cando son as doce horas do día nove de abril de dous mil sete , reúnese en sesión extraordinaria e en primeira convocatoria o Concello Pleno baixo a Presidencia do Alcalde:

1.- D. JOSÉ MANUEL ARIAS LÓPEZ

Concorren a sesión os seguintes Concelleiros:

- 2.- D. JUAN RODRÍGUEZ PAREJAS,**
- 3.- D. SANTIAGO LÓPEZ VÁZQUEZ**
- 4.- DNA. PILAR GONZÁLEZ RODRÍGUEZ**
- 5.- D. JOSÉ LUIS RIVERA SACO**
- 6.- D. ROSENDO LÓPEZ SALGUEIRO**

Non asisten os Concelleiros:

- 7.- D. LUIS FERNÁNDEZ OJEA**
- 8.- DNA. ANA RUTH JUÍZ LUGO**
- 9.- D. XOSÉ MARÍA RODRÍGUEZ CASTRO,** que excusa a súa asistencia
Como Secretario D. Luis Eduardo Matias Sánchez que da fe.

Aberta a sesión e declarada pública pola presidencia as doce horas e cinco minutos, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum de asistencia necesario para que poda ser iniciada, procedese a coñece-los seguintes asuntos incluídos previamente no orde do día:

1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA ANTERIOR Nº 01/2007

O Presidente pregunta si algún membro da Corporación ten que formular algunha observación o borrador da acta da sesión anterior número 01/2007 distribuída coa convocatoria.

Ningún dos Concelleiros presentes fai uso da palabra e a continuación o Sr. Presidente somete a votación a aprobación do referido borrador da acta, sendo esta aprobada por unanimidade.

2º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO ORZAMENTOS XERAIS MUNICIPAIS PARA O EXERCICIO 2007

Dando cumprimento ó preceptuado no artigo 126 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, examinado o orzamento municipal formado polo Sr. Alcalde-Presidente para o exercicio de 2007 que ascende, tanto en GASTOS como en INGRESOS a **NOVECIENTOS NOVENTA E OITO MIL SEISCENTOS DEZASETE EUROS (998.617,00 €)**, e habéndose estudiado obsérvase o seguinte:

1º.- Que as consignacións do Estado de Gastos son as necesarias para cumprir-las obrigas esixibles ó Concello e para desenvolve-la xestión que este Organismo Local ten encomendada.

2º.- Que no Estado de Ingresos apélase ós tributos autorizados pola Lei, en contía dabondo para cubri-las obrigas e necesidades da Corporación, e estimandoos, por outra banda, acordos coas posibilidades dos contribuintes.

3º.- Que as Bases de Execución para o mellor desenvolvemento do Orzamento, considéranse como as mais prudentes e apropiadas para a efectividade do mesmo.

4º.- Que na documentación obrante no expediente figura a plantilla de personal ó servizo do Concello, comprensiva de tódolos postos de traballo reservado a funcionarios,

personal laboral, e eventual.

5º.- Que o referido Orzamento non contén déficit inicial, por atoparse nivelados os Ingresos cos Gastos.

Tendo en conta que o citado Orzamento axústase ós preceptos legais sobre a materia, contidos na Lei 7/1985, do 2 de abril, Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e demais disposicións concordantes. Considerando procedente que o Pleno aprobe o Orzamento Municipal de 2.007, Plano de Investimentos, así como a plantilla de personal comprensiva dos postos de traballo reservados a funcionarios de carreira co seu nivel de complemento de destino, retribucións complementarias de Personal, Personal laboral e eventual, na forma en que foi redactado, o Pleno da Corporación ACORDA:

1º.- Aprobar inicialmente o Presuposto desta Entidade para o exercicio de dous mil sete quedando fixada a súa cuantía, tanto en GASTOS como en INGRESOS, nun total de **NOVECIENTOS NOVENTA E OITO MIL SEISCENTOS DEZASETE EUROS (998.617,00 €)**, asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS

CAPITULO	DENOMINACION	IMPORTE EUROS
	A) Operacións correntes	
I	Remuneracións de persoal	379.200,59
II	Compra de bens correntes e servicios	445.890,25
III	Gastos financeiros	6.344,20
IV	Transferencias correntes	1.728,60
	B) Operacións de capital	
VI	Inversións reais	137.605,06
VII	Transferencias de capital	9,30
IX	Variación de pasivos financeiros	27.839,00
TOTAL ORZAMENTO		998.617,00

ESTADO DE INGRESOS

CAPITULO	DENOMINACION	IMPORTE EUROS
	A) Operacións correntes	
I	Impostos directos	172.247,20
II	Impostos indirectos	30.001,20
III	Taxas e outros ingresos	145.416,00
IV	Transferencias correntes	519.240,73
V	Ingresos patrimoniais	7.565,80
	B) Operacións de capital	
VI	Enaxenación de inversións reais	3,60
VII	Transferencias de capital	74.133,96
VIII	Variación de activos financeiros	8,51
IX	Variación de pasivos financeiros	50.000,00
TOTAL ORZAMENTO		998.617,00

2º.- Aprobar igualmente as BASES DE EXECUCION de dito Orzamento Municipal xuntamente ca Plantilla de Persoal e a relación de postos de traballo que figuran no anexo I, retribucións complementarias de Personal e Plano de Investimentos que figura no Anexo II.

3º.- Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles, á efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 do citado Real Decreto 2/2004.

4º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, xuntamente coa plantilla de persoal e a relación de postos de traballo, según dispoñen os arts. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril, e 169.3 do repetido Real Decreto; e noutro caso procederase dacordo co prevenido no número 1 deste último artigo.

5º.- Que de conformidade co número 4 do mesmo artigo, remítase copia do referido Presuposto a Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

(A)- FUNCIONARIOS

FUNCIONARIOS			Grupo Art. 25 Lei 30/1984
Nº de Prazas	DENOMINACIÓN	Nivel C.Destino	
1	SECRETARÍA-INTERVENCIÓN	26	B
2	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	18	D
1	AXENTE-AUXILIAR DE POLICIA	11	E

(B)- PERSOAL LABORAL

(1)- PERSOAL LABORAL FIXO

CATEGORIA	Nº PRAZAS
XEFE DE SERVICIO	UNHA
OFICIAL DE PRIMEIRA	UNHA

(2)- PERSOAL LABORAL TEMPORAL

DENOMINACION	Nº PRAZAS
TRABALLADORA SOCIAL	UNHA
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	UNHA
AUXILIAR ADMINISTRATIVA (Serv. Sociais)	UNHA
AUX. DE AXUDA A DOMICILIO	TRES
AUX. DE XARDIN DE INFANCIA	UNHA
TECNICO EN EDUCACION INFANTIL	UNHA
SERVICIO EXTINCION DE INCENDIOS	DUAS
TECNICA DE GRAO MEDIO(Animadora Sociocultural)	UNHA
PEONS	DUAS

ANEXO II INVESTIMENTOS A REALIZAR NO EXERCICIO ECONÓMICO DE 2007

DENOMINACIÓN DO PROXECTO, SERVIZO OU ADQUISICIÓN	IMPORTE	FINANCIACIÓN	IMPORTE
ACONDICIONAMENTO E MELLORA DOS ACCESOS ÓS NÚCLEOS DE BÓVEDA, MARTÍN, GUNTÍN E OUTROS (PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2007)	43923,16	OUTROS ORGANISMOS	32942,37
		F. PROPIOS(FCL)	10980,79
HONORARIOS POR REDACCIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DENOMINADO " ACONDICIONAMENTO E MELLORA DOS ACCESOS ÓS NÚCLEOS DE BÓVEDA, MARTÍN, GUNTÍN E OUTROS" (PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2007)	1783	FONDOS PROPIOS(FCL)	1783
HONORARIOS POR REDACCIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DENOMINADO " PISCINA MUNICIPAL"	12180	F. PROPIOS(FCL)	12180
HONORARIOS POR REDACCIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DENOMINADO " SANEAMENTO A TEILÁN"	16240	F. PROPIOS(FCL)	16240
ADQUISICIÓN DUN LECTOR PORTATIL PARA O SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS	2700	FONDOS PROPIOS	2700
INSTALACION DUN ASCENSOR NA CASA DO CONCELLO	30000	OUTROS ORGANISMOS	24000
		FONDOS PROPIOS	6000
ADQUISICIÓN DE TELEFONÍA FIXA E EQUIPOS OFIMÁTICOS (ANUALIDADE 2007)	2124	F.PROPIOS	2124

ADQUISICIÓN DESHUMIFICADOR PARA XULGADO DE PAZ	350	FONDOS PROPIOS	350
ADQUISICIÓN DE FERREMENTAS PARA O SERVICIO MUNICIPAL DE MANTENIMIENTO	600	FONDOS PROPIOS	600
ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA A BANDA MUNICIPAL DE GAITAS	600	FONDOS PROPIOS	600
ADQUISICIÓN DE DVD PARA CENTRO SOCIOCULTURAL	150	FONDOS PROPIOS	150
ADQUISICIÓN DE TERREO DOTACIONAL	50000	FONDOS PROPIOS (PRÉSTAMO)	50000